

Traballo exposto o mércores 6 de maio de 2009 no IES Sánchez Cantón. Clase de Lingua e Literatura Galega do século XX.

Autores: Roberto Reissmann, Jorge Veiga, Eloy García, Alex Solla, Rafael Portas

Tema: a morte no cine. Textos: Rafeal Dieste –

Material utilizado: ordenador portátil, canón de vídeo. -Tempo: 40 minutos

-Descrición: os alumnos foron explicando o tema sobre o pps, introducindo vídeos de películas.

Tamén pasaron aos compañeiros varios dvd de películas para que os visen. Os narradores foron Rafael e algo Jorge. Bastantes textos do pps estaban escritos en castelán. Os textos literarios non se comentaron na exposición por falta de tempo e por seren vistos na aula





Rafael Dieste: “ Dos arquivos do trasno”

O neno suicida

Esta historia contada a través dun vagabundo relata unha historia de película, a historia dun neno q ía ao revés, que naceu vello e rexuvenecía co paso dos anos en vez de envellecer e cando está xa cunha idade avanzada(mental) e unha aparencia física curta decide suicidarse ante o que lle podería pasar se seguira rexuvenecendo. Toda esta historia queda refrexada na película estadounidense con gran éxito “ O curioso caso de Benjamin Button”, no que o neno é abandonado polos seus pais debido a que era tan sumamente feo e tiña tantas arrugas que preferían deixalo nunha especie de asilo para que o coidasen en vez de vivir con o que consideraban “un bicho”. Nese asilo vai crescendo de altura e de idade pero rexuvenecendo de físico e xa entrado en anos e ata encontra un amor platónico da súa idade real a historia da súa vida na época da 2ª guerra mundial cunha seria de aventuras ata rematar co seu amor platónico e morrer cando tiña a aparencia dun bebé.

Este texto amósanos a morte nun dos seus múltiples modos que é o relacionado co medo, hoxe en día vence moitos anciáns que se suicidan por medo a soidade por exemplo, en xeral con métodos que xa saben que van a ser efectivos como o aforcamento ou o envelenamento. Outro tipo de morte posible en persoas é o do propio envelenamento, moito máis lenta

Este texto tamén relacionase directamente coa 3ª idade, un sector da nosa poboación que na súa maior parte sofre en silencio a soidade e as veces acaba coa súa vida polo medo a esta mesma ou por debilidade e medo mesmo ata a saír de casa e ver a adolescentes que lles poden facer dano, aínda que son o sector da poboación con menos suicidios os levan a cabo máis efectivamente có resto xa que utilizan técnicas máis efectivos deixando de tomar a medicación ou con algún dos tipos de suicidios mencionados anteriormente na maioría das ocasións.

E en xeral este texto amósanos unha gran variedade de posibilidades para relacionar ao suicido en cuestión, pero este texto nos amosa unha morte de tipo fantástico que nos permite apreciar que o autor deste texto ten unha gran imaxinación facendo unha historia tan fóra do común, por isto eu creo q as mortes mais anormais son as que máis venden na calle, nos libros, nas películas... ten que ser mortes ou fantásticas ou espectaculares,

sen olvidarnos das bonitas e por amor (Titanic ou Romeo e Xulieta) ou a relacionada coa enfermidades (claro exemplo no film español Mar Adentro que narra ha historia real do galego Ramón Sampedro que ao final conseguiu morrer a pesar de que non lle concedían o seu dereito a eutanasia).

Para finalizar, eu creo que a morte no cine sempre ha intentado refrexar os temas que procupan a sociedade, que a súa vez son os que máis gancho teñen para todo tipo de públicos.

Sobre a morte do Bieito:

Este conto é unha historia na que levan ao Bieito no ataúde para enterralo no camposanto, un dos que portaba o cadeleito oíu un ruído dentro, pero por vergoña ou por medo a ser acusado de mentiroso, non di nada, o único que se atreve é a preguntarlle nun ton medio en ironía a outro dos que levaba ao Bieito. Ao rematar o enterro, a noite, o home decidiu ir ao camposanto para desenterralo, pero cando ía a facelo, cando xa estaba preparado, oíu pasar a xente, e marchou do camposanto. E así remata o conto, sen saber se o Bieito estaba vivo ou morto.

Este conto ten unha soa idea principal, e mantena durante toda a historia, e trátase de se o Bieito vai vivo. En canto ao tipo de lingua que utiliza, é bastante coloquial, enténdese ben casi todo o texto, soamente ten algunha palabra un pouco máis complicadas como poden ser: buligar, pavulla, maxín, e poucas máis, polo que non se trata de un texto moi complicado de entender. A historia transcurre en apenas unhas horas, xa que comeza cando levan ao camposanto ao Bieito, e remata na noite dese mesmo día. E tamén transcurre toda a historia no mesmo sitio, toda a historia pasa no camposanto. En canto ao persoaxe, soamente hai un, e despois hai pequenas intervencións de persoaxes secundarios, pero casi nada. A persoa ao que lle pregunta si o Bieito vai vivo e nada máis. Cabe destacar que a historia transcurre entre a realidade e a fantasía xa que a persoaxe principal, fai moitas suposicións sobre que pasaría se disexe que o Bieito ía vivo.

A conclusión, según a miña opinión é que a persoaxe non dí nada polo medo ao que dirán que é máis importante que calquera outra cousa. E polo tanto ao final quedámonos sen saber se o Bieito estaba vivo ou morto.